

**ACTA N.º 01/2022**

**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO**

<b>DATA</b>	Venres, 25 de FEBREIRO do 2022
<b>HORA</b>	16:00 horas
<b>LUGAR</b>	Salón de plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
<b>ASISTENTES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VICEPRESIDENTA: PILAR GARCÍA PORTO</li> <li>• SECRETARIA: LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ (SUPLENTE)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL BNG: MAITE FERREIRO TALLÓN (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ANTONIO FERNÁNDEZ PIÑEIRO (SUPLENTE)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO - APEHL: JACOBO GARCÍA – BOBADILLA PROSPER (SUPLENTE)</li> <li>• ASOCIACIÓN GALEGA DE AXENCIA DE VIAXES- AGAVI: MARIA ANTONIA LOPEZ FRAGA (SUPLENTE)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR)</li> <li>• FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL- FEGATUR: FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN. (SUPLENTE)</li> <li>• AUXILIA: MARÍA NURIA NEIRA VILA(SUPLENTE)</li> <li>• XEFE DE ÁREA CULTURA E TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ.</li> <li>• RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR)</li> </ul>

	IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A	<b>Fecha y Hora</b>	16/03/2022 14:13:50
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A</a>	<b>Página</b>	1/9



	<ul style="list-style-type: none"> <li>RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (TITULAR)</li> </ul>
--	--

## ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 2 de decembro de 2021.

2.-Avance das principais actuacións previstas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2022.

3.-Rogos e preguntas.

## DESENVOLVEMENTO

No Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos, ás 16:03 horas, toma a palabra a Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, Dona Pilar García Porto, dando a benvinda aos asistentes a esta sesión ordinaria do Consello de Turismo, invitando á secretaria Dona Leticia Rodríguez Díaz a cotexar a listaxe de asistentes.

Acto seguido, dáse paso aos correspondentes puntos que integran a orde do día:

### 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 2 de decembro de 2021.

A Vicepresidenta do Consello de Turismo pregunta aos asistentes se desexan formular algunha cuestión relativa ao acta da reunión anterior. Ao non porse de manifesto ningunha cuestión, sométese a votacións.

Votos a favor: 11 - M<sup>a</sup> del Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón , Mayra García Bermúdez, Antonio Fernández Piñeiro, Jacobo García – Bobadilla Prosper, María Antonia López Fraga, Francisco Xabier Almuíña Chorén, María Nuria Neira Vila, Mercedes Lamela López, Andrea Macho Benito e Luís Jesús Fernández Reija.

Abstencións: 2 - José Jesús Novo Martínez e Mónica Díaz Jublín.

Votos en contra: Ningún.

Quedando aprobada a acta da sesión anterior.

### 2.-Avance das principais actuacións previstas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2022.

Toma a palabra a Vicepresidenta do Consello de Turismo sinalando que este é o principal motivo que nos leva a convocar esta sesión o de expoñer as principais accións que se van desenvolver na área de Turismo da Deputación Provincial. Darase conta de xeito rápido de cada unha das actuacións e se se precisa algunha aclaración ao respecto daráselle resposta na medida do posible. Engade que as entidades participantes nesta sesión, ata o momento do

	IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A	Fecha y Hora	16/03/2022 14:13:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A</a>	Página	2/9



envío da convocatoria deste Consello de Turismo, non se fixo chegar ningunha achega pero, de todos os xeitos, abríase unha quenda de preguntas.

A continuación , fai unha enumeración das actividades que se teñen previsto levar a cabo:

1.-Coñece a túa provincia, na súa segunda edición. Trátase dunha actuación que ten como obxectivo a promocionar o turismo de proximidade entre os veciños e veciñas desta provincia. O ano pasado tivo lugar no outono e, pola contra, neste ano se desenvolverá en dúas quendas.

A capacidade deste programa é de 3.036 prazas e nas que van participar un total de 135 agrupacións que xa fixeron as súas solicitudes. A tramitación están xa bastante avanzada, tendo en conta que se recibiron 170 solicitudes, polo que aínda facendo unha oferta dobre non foi suficiente para o total de solicitantes. Debemos ter en conta que os non admitidos quedaron en lista de agarda.

Na primeira edición de programa participaron máis de 1.200 veciños e veciñas de preto de 60 asociacións e nesta, como se comentou, imos ofertar máis de 3.036 con un total de 37 itinerarios turísticos e, a día de hoxe, podemos confirmar que preto de 80 asociacións poderán desfrutar deste programa a partir do día 23 de marzo.

Con isto, conseguimos un dobre obxectivo, por un lado promocionar o turismo de proximidade e, pola outra, gañar confianza de cara ao sector da hostalaría e o turismo por parte das persoas que aínda temos certa reticencias a saír da casa, poñendo así en valor as medidas de prevención que hoxe en día temos e que xa, dende o primeiro momento, garanten un turismo seguro.


2.-Saborea a túa provincia. Outro dos programas que se vai levar a cabo é o Saborea a túa provincia; trátase dun programa que, ao igual que na anualidade anterior, celebrárase en sete diferentes localidades da provincia; facendo un percorrido polas distintas zonas / comarcas. Orzamento co que contamos son 100.000 Euros e, a diferenza das programacións da pasada edición, este ano serán de media xornada, concentrándoo nunha sesión de mañá ou de tarde. primando a calidade e as necesidades dos concellos.

Con este programa perséguese poñer en valor os produtos de proximidade que hai nesta provincia, a través de degustacións e de show cookings en directo, todo isto, como o ano pasado, amenizado con maxia e música. Esta ano tamén terá unha parte cultural que se complementará coa degustación de produtos, tanto os que se elaboran en vivo como os que xa están elaborados.

3.-Túnel do viño. Novidade deste ano é o túnel do viño que, se todo vai como temos previsto, se celebrará na primavera por parte de profesionais. Ten como fin poñer en valor os caldos da nosa provincia, tanto o da Ribeira Sacra como os de Negueira de Muñiz. En todo caso, se fará unha xornada de desfrute gratuíta para o público en xeral na Deputación de Lugo.

4.-As rutas en catamarán pola Ribeira Sacra. Prevese que se inicien o día 19 de marzo, coincidindo co día de San Xosé tal e como fixemos o ano pasado, e alongaranse ata a ponte de decembro.

	IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A	Fecha y Hora	16/03/2022 14:13:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A</a>	Página	3/9



O ano pasado preto de 40.000 persoas viaxaron nalgunha das rutas en catamarán da Deputación de Lugo, tanto o que saen dende Ponte do Sil como os que saen dende Belesar. Lembrar que na tempada pasada tivemos limitación de aforos todo o tempo e este ano agardamos non ter ningunha.

5.-Día da Transrománica. Este ano tamén nos sumaremos ao día da Transrománica que se celebrará o día 09 de maio con diferentes accións para dar a coñecer o románico desta provincia a través de visitas guiadas e gratuítas para as persoas que decidan participar. Ademais seguirase coa edición das Guías do Románico, ata chegar á totalidade do territorio.

6.- Patrocinio de Festivais: colaboraremos con diferentes festivais da provincia, a través de patrocinios ademais das subvencións de carácter nominativo. Neste caso serían dous os patrocinios que estamos poñendo en marcha: o do Resurrection Fest en Viveiro e o Agrocuir que ten lugar na Comarca da Ulloa a finais do mes de agosto.

Ás 16:14 horas, chega ao Consello de Turismo Maite Ferreiro Tallón.

7.- Ciclos de documentais: apostamos polos ciclos de documentais, polo que se fixo un traballo previo no que se rodaron un total de tres documentais de, arredor de 50-60 minutos, de carácter promocional sobre a gastronomía, o Camiño de Santiago e o Turismo Científico. Ditos documentais poderanse ver en diferentes plataforma tanto nacionais coma internacionais e tamén se fará chegar aos centros educativos.

8.- Colaboración directa e permanente con asociacións e colectivos profesionais: a través do Espazo Profesional que temos na páxina web da Deputación como dos nosos técnicos que sempre están a disposición de quen o demanda.

9.- Feiras de Turismo: participaremos tamén en feiras de turismo que, a día de hoxe, xa temos o calendario practicamente pechado e ata final de ano teríamos presenza en:


- Biocultura: do 4 ao 6 de marzo
- Expocidades: do 13 ao 15 de maio
- Turexpo, en Silleda: do 2 ao 5 de xuño
- Termatalia, o 29 e 30 de outubro
- Xantar, no mes de novembro

A maiores doutras citas que se poidan aparecer estas son, a día de hoxe, as feiras as que se acudirá para a promoción do territorio da provincia de Lugo.

10.-Turismo Deportivo: en canto ao turismo de ocio relacionado co deporte, lavaranse a cabo por un lado, actividades fluviais e, polo outro, o programa Actívate.

11.-Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.): este ano, a través do P.E.S. levaranse a cabo colaboracións con diferentes concellos e en concreto, á día de hoxe, xa temos pechada a participación en diferentes eventos importantes na provincia de Lugo. No referente ás subvencións nominativas temos comprometidas un importe de 135.000 euros, para

	IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A	Fecha y Hora	16/03/2022 14:13:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A</a>	Página	4/9



actividades de promoción turística como por exemplo, na Mancomunidade de Concellos da Mariña fáiselles unha achega de 25.000 €, ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra cunha achega tamén de 25.000 € e logo, a través de diferentes medios, se colabora vía subvención, co Concurso Internacional de Baristas ou actividades singulares como a Tasca de Liño, por poñer algún exemplo. Temos destinados preto de 150.000 € neste orzamento e, a maiores, temos unha reserva de 74.700 para actuacións que poidan xurdir ao longo do ano.

12. Copa España Creativa: como novidade e lembrando un pouco a historia de algo que tivo lugar o ano pasado, que foi positiva a nivel turístico desta provincia e neste sentido toca felicitar aos representantes da Reserva da Biosfera que se atopan aquí, a Deputación de Lugo foi gañadora do premio Copa España Creativa. Isto foi grazas a un proxecto da área de Medio Ambiente sobre recuperación de soutos da Reserva da Biosfera dos Ancares, trátase dun proxecto de identificación de propietarios e, a partir de aí, de posta en valor do souto. O recoñecemento deste premio púxonos a nivel nacional no mapa do turismo medioambiental.

A partir de aí, a Deputación ten que organizar o premio o ano seguinte polo que Lugo vai a ser a sede do Foro de Cidades e Territorios Creativos de España que vai a ter lugar entre o 10 e o 12 de novembro e no que van a participar 30 urbes españolas para presentar modelos sostibles e estratexias para crear modelos intelixentes, ademais de conectados e solidarios.

As bases serán publicadas e poderán presentarse aqueles territorios que desexen pero, en todo caso, correspóndenos organizalo este ano e agardemos que dita actuación estea a altura do evento.

En este sentido, estás son as cuestións que podemos avanzarlle e, como ven, non son poucas. Todas e cada unha destas opcións que lles acabo de expoñer de xeito resumido, xa están postas en marcha dende o área de turismo.

Chegado a este punto, a Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo pregunta aos asistentes se teñen algunha dúbida ou precisan de algunha aclaración do exposto ata o de agora.

Procédese á votación deste punto da orde do día


Votos a favor: 12 - M<sup>a</sup> del Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Maite Ferreiro Tallón, Jacobo García – Bobadilla Prosper, Mónica Díaz Jublín, María Antonia López Fraga, Francisco Xabier Almuíña Chorén, María Nuria Neira Vila, Mercedes Lamela López, Andrea Macho Benito e Luis Jesús Fernández Reija.

Abstencións: 2 - José Jesús Novo Martínez e Antonio Fernández Piñeiro.

Votos en contra: Ningún.

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, Pilar García Porto da as grazas polo voto favorable a estas actuacións e procede a sinalar que, en relación á Copa España Creativa, gustaríanos formularvos a posibilidade de facer unha modificación nas bases dos Premios de Turismo para que este ano, con carácter excepcional, introdúzase unha categoría nova que sería o Premio ao Turismo Sostible, en concordancia coa Copa que nos toca organizar este ano.

	IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A	Fecha y Hora	16/03/2022 14:13:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A</a>	Página	5/9



Sería un premio destinado a poñer en valor os proxectos de turismo sostible existentes na provincia e que decidan participar nesta categoría unha vez teñamos aprobadas as bases, poderán ser publicadas. Insiste na excepcionalidade deste premio por este ano.

Para isto, é necesario, en primeiro lugar que se aprobe a urxencia deste punto, e despois o punto en si de incluír unha nova categoría con carácter excepcional.

Toma a palabra, Francisco Xabier Almuíña Chorén, representante de Fegatur, sinalando que lle parece unha boa idea o de incorporar unha nova categoría de turismo sostible que cada vez máis demanda as persoas viaxeiras que veñen á nosa terra. Polo que no canto dunha categoría excepcional debería ser permanente para todos os anos , porque significaría apoiar e dar visibilidade as persoas que están a poñer en marcha estes proxectos.

Sinala Pilar García Porto que, de todos os xeitos, as outras dúas categorías poden abarcar á condición de turismo sostible, pero este ano preténdese ter en conta moi positivamente este concepto na memoria achegada que se valora no Consello. O que se quere é destacar de xeito moi significativo o aspecto do Turismo Sostible. Engade que sería magnífico que persoas e proxectos que se queiras presentar poidan facelo en base a unha categoría permanente; en todo caso, este ano tomarase esta categoría como excepcional pero seguirase mantendo as dúas categorías onde se valorará o turismo sostible.


Toma a palabra, José Jesús Novo Martínez, do grupo provincial do Partido Popular, sinalando que non vai votar en contra da creación dun premio de Turismo Sostible pero que si se absterá e pasa a argumentar o sentido do seu voto. Continúa sinalando que non ve motivo de urxencia e que este punto xa tiña que estar incluído na Orde do Día.

Respóndelle Pilar García Porto que o motivo da urxencia alude a que, dende a Deputación de Lugo, imos a ser sede Foro de Cidades e Territorios Creativos de España no mes de novembro. A programación para este evento faise de acordo coa organización, motivo polo cal celebrouse unha reunión cos mesmos fai dez días atrás, momento no que o Consello Provincial de Turismo xa estaba convocado e, por tanto, cunha Orde do Día pechada. En dita reunión, chegouse a este acordo que se incluíu de urxencia, se non fose deste xeito habería que convocar un Consello de Turismo Extraordinario, e que a xente tivera que volver aquí a votar un punto máis da Orde do Día, foi neste momento no que decidimos integralo como punto de urxencia nesta sesión do Consello de Turismo, xa que a partir deste momento necesitamos un prazo de tempo para aprobar as bases, publicalas, e todo o resto do procedemento. Sendo este o motivo da inclusión deste punto.

Continua Pilar García Porto preguntando se alguén dos presentes precisa de algunha aclaración máis. Ao non producirse ningunha procédese a votar sobre a urxencia do punto da Orde do día:

Votos a favor: 14 - M<sup>a</sup> del Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón , Mayra García Bermúdez, José Jesús Novo Martínez, Maite Ferreiro Tallón, Jacobo García – Bobadilla Prosper, Antonio Fernández Piñeiro, Mónica Díaz Jublín, María Antonia Lopez Fraga, Francisco Xabier Almuíña Chorén, María Nuria Neira Vila, Mercedes Lamela López, Andrea Macho Benito e Luis Jesús Fernández Reija.

	IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A	Fecha y Hora	16/03/2022 14:13:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A</a>	Página	6/9



Abstencións: Ningunha.

Votos en contra: Ningún.

A continuación, sométese a votación a creación, con carácter excepcional para este ano, dunha nova modalidade denominada "Premio Turismo Sostible" dentro dos Premios Provincias ao Turismo e á Gastronomía.

Votos a favor: 14 - M<sup>a</sup> del Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón , Mayra García Bermúdez, José Jesús Novo Martínez, Maite Ferreiro Tallón, Jacobo García – Bobadilla Prosper, Antonio Fernández Piñeiro, Mónica Díaz Jublín, María Antonia Lopez Fraga, Francisco Xabier Almuíña Chorén, María Nuria Neira Vila, Mercedes Lamela López, Andrea Macho Benito e Luis Jesús Fernández Reija.

Abstencións: Ningunha.

Votos en contra: Ningún.

Toma a palabra José Jesús Novo Martínez, sinala que dende o grupo provincial do Partido Popular solicitouse a documentación da urxencia e respondeuse que a documentación se presentaría no Consello de Turismo. Con respecto a iso engade que se precisaría de tempo para poder analizar a documentación e así, os membros do Consello, puidesen achegar, situación que, a día de hoxe, non se ten. Engade que se acaba de adxudicar un Plan de Accións Turísticas, e a el gustaríalle, persoalmente, formar parte (non da adxudicación, que non lle corresponde), senón do contido desta actuación.

Continúa falando Pilar García Porto, agradecendo a achega e sinalando que, en primeiro lugar, que sobre este punto en concreto non hai documentación porque as Bases dos Premios de Turismo aprobadas son por todos coñecidas, xa que a elaboración das mesmas foron presentadas neste órgano e non houbo alegación por parte de ningún grupo político. Nese momento si que se tivo acceso á documentación. O asunto que nos atinxe hoxe, é incluír unha categoría máis cunha diferenciación do título que todos entendemos como é o Turismo Sostible, o cal se rexerá polos mesmos principios que se sinalan nas bases, por tanto a documentación incluírá o consentimento que acabamos de dar no Consello de Turismo.

Por outra parte, engade, que o Consello de Turismo é un órgano de participación e a participación facémola todos. A Área de Turismo non pode esperar, estamos no mes de febreiro, levamos xa tempo traballando, dende antes rematar o ano pasado, na programación deste ano e o que non podemos é estar agardando a debates, se sacamos ou non sacamos, ou se o Consello de Turismo aproba ou non; porque se trata de un órgano de participación e consultas non de toma de decisións, e tedes ao longo de todo o ano os correos electrónicos e os teléfonos da area de Turismo, o meu teléfono, para facer chegar propostas e achegas para traer a debate aquí no seno do Consello de Turismo. E creo, continúa, que debemos ter en conta que a programación turística se ten deseñada a comezos de cada ano, que non é doado, poder chegar a estas alturas dicindo que, todo o que se acaba de expoñer, está sobre a mesa. Pode haber máis cousas, seguen abertos os teléfonos e a posibilidade de participar e de facer achegas pero, evidentemente, temos unha programación para presentar e non podemos pararnos tanto. Sobre todo nunha situación na que os cidadáns precisen que os cartos das

	IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A	Fecha y Hora	16/03/2022 14:13:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A</a>	Página	7/9



administracións públicas cheguen da mellor forma que podemos e sabemos facer, máis aló diso si se poden facer achegas, que na área de Turismo tampouco nos consta que chegara ningunha achega do Partido Popular, nin sequera unha valoración. O Consello de Turismo, é un órgano, insiste, de participación e consulta onde participamos todos.


Continúa dicindo que o Plan de Turismo ao que se refire o Sr. Novo, non é un Plan de Turismo senón que é un Plan de Accións Turísticas Complementarias, ao plan de turismo que había. Isto contratouse a unha empresa experta que saíu adjudicataria despois dunha contratación pública e de aí saen unha serie de recomendacións para desenvolver e estas son as que se están poñendo en marcha (algunhas delas, porque todas é inviable economicamente). Sabedes que este tipo de documentación se vos entrega sen ningún tipo de problema. O que pretendemos é darlle este tipo de continuidade ao desenvolvemento do turismo cunha serie de accións complementarias que quedaron sen executar porque foi imposible rematar en catro anos as accións que se pretendían desenvolver. Agora, sinala, hai unha empresa e nos poñemos nas mans dos expertos para que nos axuden a determinar cal é o mellor camiño a seguir, senón cada un de nós ten unha visión diferente cuns intereses diferentes que iso non pode ser o que prime no deseño dunha estratexia turística para un espazo tan amplo como é a provincia de Lugo.

Insiste en que o Consello vai ser convocado as veces que ten que selo, estamos a ver as vosas achegas limitadas, como sabes, por prazos e tamén economicamente, como con todas as administracións e as propostas que fagades serán sempre ben recibidas, pero tamén quere deixar ben claro que no momento en que tivo que asumir as funcións de responsabilidade sobre o área de turismo deixou sobre a mesa algo con claridade que era o feito de organizar a programación de xeito anual, xa que non se pode darlle un impulso en función do interese do momento. A programación ten que estar deseñada, as rutas do catamarán teñen que saír un día e para que saian ese día ten que haber un traballo previo, que ten que estar feito; para tramitar cada unha das subvencións, tense que estar non só en contacto coas asociacións, senón tamén cos concellos e todo isto require unha planificación. É por este motivo polo que abertamente queremos dicirvos o que se vai facer ao longo do ano e así, dende o mes de febreiro, saibades o que vai pasar a través do Consello de Turismo.

Toma a palabra novamente, José Jesús Novo Martínez, indicando que o Consello pode sinalar cousas para o ano que vén e que cree que o ano pasado él persoalmente fixo achegas e, estando no Consello, o normal é que se participe, non di para este ano inmediato, pero si para o seguinte. Engade que el só preguntou se no referente á empresa encargada da elaboración do Plan, vai ser o que diga a empresa ou se se vai traer ao Consello, ou vaise aprobar por un decreto, ou nunha Xunta de Goberno. Lóxico sería que se dixese que a empresa encargada da realización sinala certos puntos, e a institución considera necesario levalos a cabo. Engade que non está dicindo nada fóra do normal.

Finaliza Pilar García Porto sinalando que o que fixo a empresa foi un documento- guía que non require ser aprobado por ningún órgano, xa que non é un plan de turismo ao uso, senón que se trata de un Plan de acción a desenvolver, sen máis, son unhas recomendacións baseadas no plan anterior de turismo. Insiste en que non precisa a aprobación de ningún órgano é unha guía de traballo para a área de Turismo. A información disto podédela ter, como xa se solicitou

	IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A	Fecha y Hora	16/03/2022 14:13:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A</a>	Página	8/9





ao Pleno da Deputación, e entregarásevos sen problema senón pedídea cando consideredes. En canto ás aportacións, insiste, é preciso facelas chegar á área de Turismo para poder incluílas na orde do día do Consello de Turismo, xa que, a data de hoxe, as únicas aportacións son as realizadas pola propia institución, polo que se hai algunha necesidade, algunha discusión que se queira introducir, o momento é cando queirades ao longo do ano. Serán convocados os Consellos que sexan necesarios.

### 3.-Rogos e preguntas.

Ao non formularse ningún rogo nin pregunta, a vicepresidenta do Consello de Turismo agradece a asistencia a todos os participantes e ao persoal da Área de Turismo por sacar adiante toda a programación.

Levántase a sesión do Consello de Turismo, sendo as 16:44 horas.

V. e pr.

A secretaria

A Vicepresidenta do Consello de Turismo,

Pilar García Porto

Leticia Rodríguez Díaz

	IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A	<b>Fecha y Hora</b>	16/03/2022 14:13:50
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7C2CTODYFP5S4MAEY4AY7B4A</a>	<b>Página</b>	9/9

